

Actividade docente para o final de curso

Curso 2022/23

A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 12 de maio, inclusive.

O período comprendido entre o 15 de maio e o 15 de xuño dedicarase preferentemente á:

1. Actividades de preparación para as probas de acceso
2. Actividades de reforzo e recuperación para o alumnado con materias pendentes
3. Actividades de ampliación, de titorización e outras actividades complementarias

Neste sentido, a docencia e as actividades organizadas polos diferentes departamentos deberase axustar aos espazos e a dispoñibilidade do profesorado, tendo en conta que nestas datas tamén se realizarán diferentes probas de acceso ao centro e os premios de fin de grao profesional. Polo tanto, pode ser necesario cancelar ou adiar algunha das actividades propostas neste documento por este motivo.

Os días 17 e 18 de maio serán non lectivos no centro.

O día 19 de maio farase entrega dos boletíns de cualificacións finais ao alumnado. O alumnado tamén poderá revisar as probas estritas e as cualificacións das demais materias ou facer calquera consulta co demais profesorado no horario publicado para tal fin (pódese consultar na web do centro). Polo tanto, o 19/5/23 canceláanse a actividade docente a partir das 16:00 horas.

1. ACTIVIDADES DE PREPARACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO

1.1. ACCESO A 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

Do 15 ao 26 de maio daráselle prioridade as actividades de preparación para as probas de acceso a 1ºGP.

- INSTRUMENTO e CANTO

Todo o alumnado de 4º curso de grao elemental terá clase de instrumento ou canto no seu horario habitual. Os titores/as poderán organizar algunha clase máis ou algunha outra actividade de preparación, en función da súa dispoñibilidade horaria.

Na semana do 22 ao 26 de maio está previsto organizar un ensaio cos pianistas acompañantes, sempre que se solicitara na inscrición para as probas. A reserva para este ensaio deberá realizarse na conserxería do centro os días 15 e 16 de maio, tamén se poderá facer telefonicamente nesas mesmas datas.

- LINGUAXE MUSICAL e EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL

As clases de preparación para as probas nestas materias serán nos mesmos días e horario e aulas de cada grupo:

Curso e grupo	Data e horario	Espazo	Profesor/a
4º A	Luns de 17:00 a 18:00 Mércores de 16:00 a 18:00	33	Ángeles Rúbio
4º B	Martes de 18:00 a 20:00 Xoves de 19:00 a 20:00	33/30	Ángeles Rúbio
4º C	Luns de 18:00 a 20:00 Xoves de 17:00 a 18:00	30	María Isabel Senn
4º D	Mércores de 18:00 a 20:00 Venres de 19:00 a 20:00	30/33	María Isabel Senn
4º E	Luns de 16:00 a 17:00 Xoves de 16:00 a 18:00	33	Ángeles Rúbio

Os horarios destas clases poderán sufrir modificacións debido á realización das probas de acceso ou a necesidades organizativas do centro. Así mesmo, se é posible ofertarse algunha clase de reforzo a maiores das indicadas neste cadro. En calquera destes casos avisarase ao alumnado e ás súas familias coa maior antelación posible.

1.2. ACCESO A OUTROS CURSOS OU AO GRAO SUPERIOR

O alumnado que teña previsto presentarse as probas de acceso ao grao superior ou a calquera outro curso diferente de 1ºGP poderá seguir asistindo a clase de instrumento no seu horario habitual. Os titores/as poderán organizar algunha clase máis ou algunha outra actividade de preparación en función da súa dispoñibilidade horaria.

Así mesmo poderán reservar ensaio cos pianistas acompañantes, sempre tendo en conta que ditos ensaios deberanse planificar coa máxima antelación posible co profesor/a acompañante correspondente.

Tamén terán a posibilidade de asistir ás clases de reforzo e/ou ampliación das demais materias, nas datas e horarios que se indican neste documento.

2. ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

As clases de reforzo e recuperación para o alumnado con materias suspensas realizaranse con carácter xeral dende o 15/5/23 ao 15/6/23 no mesmo horario que cada grupo e/ou materia tivo durante o curso, salvo coincidencia coas probas de acceso ou outras actividades.

As probas da avaliación extraordinaria para o alumnado con materias pendentes realizaranse do 16 ao 20 de xuño nos horarios que se publicarán no taboleiro e na web do centro.

- INSTRUMENTO

O alumnado que teña a materia de instrumento ou canto suspensa poderá seguir asistindo a clase de instrumento ou canto no seu horario habitual. Os titores/as poderán organizar algunha clase máis ou algunha outra actividade de reforzo en función da súa dispoñibilidade horaria.

- LINGUAXE MUSICAL e EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL

Profesor/a	Grupo e horario	Datas	Espazo
Ángeles Rubio	Todos os grupos no seu horario habitual do curso	Do 15/5/23 ao 15/6/23 agás os días 29/5/23 e 1/6/23	Na mesma aula utilizada durante o curso
Belén Rouco	Todos os grupos no seu horario habitual do curso	Do 15/5/23 ao 15/6/23 agás os días 22/5/23, 24/5/23, 31/5/23 e 1/6/23	Na mesma aula utilizada durante o curso
Sabela Senn	Todos os grupos no seu horario habitual do curso	Do 15/5/23 ao 15/6/23	Na mesma aula utilizada durante o curso
Javier Domínguez	Todos os grupos no seu horario habitual do curso	Do 15/5/23 ao 15/6/23 agás os días 30/5/23 e 1/6/23	Na mesma aula utilizada durante o curso
Lorena Varela	Todos os grupos no seu horario habitual do curso	Do 15/5/23 ao 15/6/23 agás os días 31/5/23 e 1/6/23	Na mesma aula utilizada durante o curso
María Dios	Todos os grupos no seu horario habitual do curso	Do 15/5/23 ao 15/6/23 agás os días 31/5/23 e 1/6/23	Na mesma aula utilizada durante o curso

As clases de reforzo e recuperación para o alumnado de 4º curso de grao elemental, serán as indicadas no cadro anterior salvo as comprendidas entre o día 15/5/23 ao 26/5/23 debido ás actividades de preparación do alumnado para as probas de acceso a 1º GP.

Os horarios destas clases poderán sufrir modificacións debido á realización das probas de acceso ou a necesidades organizativas do centro. Así mesmo, se é posible ofertarse algunha clase de reforzo a maiores das indicadas neste cadro. En calquera destes casos avisarase ao alumnado e ás súas familias coa maior antelación posible.

- **OUTRAS MATERIAS**

As clases das diferentes materias continuarán nos mesmos horarios. No caso en que sexa necesario algunha modificación debido á realización das probas de acceso ou a necesidades organizativas do centro avisarase ao alumnado e ás súas familias coa maior antelación posible.

3. CLASES DE AMPLIACIÓN, DE TITORIZACIÓN E OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

No período comprendido entre o 15/5/23 ata o 15/6/23 o centro tamén ofertará clases de ampliación das diferentes materias e diversas actividades complementarias para todo o alumnado do centro.

O alumnado interesado en asistir a estas clases e/ou actividades deberá informar previamente ao profesorado correspondente para a mellor xestión dos espazos e organización das mesmas.

3.1. CLASES DE AMPLIACIÓN E TITORIZACIÓN

Con carácter xeral, todo o alumnado interesado poderá seguir asistindo a clase de instrumento ou de calquera outra materia no seu horario habitual. No caso das clases individuais, se non fose posible impartir algunha por coincidir coas probas de acceso ou outras actividades tentarase impartila noutro horario ou día, sempre en función da dispoñibilidade do profesorado e dos espazos do centro.

3.2. OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

IMPORTANTE: é necesario confirmar a asistencia previamente ao profesorado encargado de cada unha das actividades.

Actividade (profesorado encargado)	Para quen	Datas	Horario	Espazo
Clases colectivas para corda (Marta Fernández)	Alumnado de grao elemental de violín, viola, violonchelo e contrabaixo	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	No seu horario habitual	Aulas 26 e de orquestra
Orquestra infantil (Silvia Martínez)	Alumnado de 1º a 3º de grao elemental de violín, viola, violonchelo e contrabaixo	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Venres de 19:00 a 20:00	Aula de orquestra
Orquestra de violonchelos (Xusa Hervás)	Alumnado de violonchelo	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Alumndo GP: luns 19:00 a 21:00	Aula cámara 1
			Alumnado GE : mércores 17:00 a 19:00	
Coro infantil (Lorena Varela e Sabela Senn)	Alumnado de grao elemental de calquera especialidade	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23, <u>agás o día 30/5/23</u>	Martes de 17:00 a 18:00 Venres de 18:00 a 19:00	Aula de orquestra
Orquestra Xuvenil (Elena López-Felpeto)	Alumnado da orquestra xuvenil	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Mércores de 18:00 a 20:00	Aula de orquestra
Brass Band (José Rodríguez)	Alumnado de grao profesional de trompeta, trompa, trombón e tuba	Dende o 16/5/22 ao 10/6/22	Luns e xoves de 19:00 a 21:00	Aula de orquestra

(continúa na seguinte páxina)

Actividade (profesorado encargado)	Para quen	Datas	Horario	Espazo
Grupo de trompas (Jorge Fuentes)	Alumnado de trompa	Dende o 16/5/22 ao 10/6/22	Venres de 17:00 a 18:00	Aula Cámara 1
Ensemble de clarinetes (Saúl Canosa)	Alumnado de grao profesional de clarinete	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Venres de 16:00 a 18:00	Aula de orquestra
Ensemble de saxofóns (Alejandro Cimadevila e Sara Seoane)	Alumnado de grao profesional de saxofón	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Mércores de 16:00 a 18:00	Aula de orquestra
Conxunto de saxofóns grao elemental (Sara Seoane)	Alumnado de grao elemental de saxofón	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Luns de 18:00 a 19:00	Aula de cámara 1
Orquestra de dobre lingüeta (Alex Valcárcel)	Alumnado de grao profesional de óboe e fagot	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Xoves de 18:00 a 19:00	Aula de cámara 20 e 25
Taller de elaboración de lingüetas (Alex Valcárcel)	Alumnado de grao profesional de óboe e fagot	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Martes de 17:00 a 18:00	Aula de cámara 1
Taller de mantemento de fruta travesa (Efrén Escuredo)	Alumnado de grao profesional de fruta	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Martes de 19:00 a 20:00	Aula 0.b
			Mércores de 16:00 a 17:00	Aula 19
			Mércores de 18:00 a 19:00	Aula 26
Obradoiro percusión I: percusión de orquestra (David Dapena)	Alumnado de percusión	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Luns de 17:00 a 18:00	Aula de percusión 1
Obradoiro percusión II: improvisación en láminas (Ton Risco)	Alumnado de percusión	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Luns de 18:00 a 19:00	Aula de percusión 1
Obradoiro percusión III: batería (Ton Risco)	Alumnado de percusión	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Martes de 17:00 a 18:00 Mércores de 18:00 a 19:00	Aula de percusión 1
Obradoiro percusión IV: técnica (Juan Collazo)	Alumnado de percusión	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Martes de 18:00 a 19:00	Aula de percusión 1
Obradoiro percusión V: percusión corporal (Juan Collazo)	Alumnado de percusión	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Mércores de 17:00 a 18:00	Aula de percusión 1
Obradoiro percusión VI: ensemble (David Dapena)	Alumnado de percusión	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Xoves de 18:00 a 19:00	Aula de percusión 1

Obradoiro percusión II: gravación e percusión electrónica (Ton Risco)	Alumnado de percusión	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Xoves de 17:00 a 18:00	Aula de percusión 1
Proba unha clase con outro profesor (profesoreado de percusión)	Alumnado de percusión	Dende o 15/5/23 ao 15/6/23	Calquera día entre as 17:00 e as 19:00 previa solicitude co profesor co que se queira a clase	Aula de percusión 2
Taller de piano acompañante (Alejandra Escolante)	Alumnado de grao profesional de piano	Luns 5/6/23 e mércores 7/6/23 de 17:00 a 20:00		Aula de cámara 2

Para mais información ou para confirmar a asistencia deberase contactar co profesorado que xestiona cada actividade. Na conserxería e na web do centro pódese consultar o correo electrónico de todo o profesorado.

Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/organigrama

INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE ESTE DOCUMENTO

Este documento pode sufrir modificacións nas datas e horarios das diferentes actividades debido a necesidades organizativas do centro ou ao número de alumnado interesado en cada unha delas. Recoméndase revisar na web do centro a última versión publicada.

No caso de ter algunha dúbida pode poñerse en contacto co profesorado encargado de cada actividade polas canles habituais. Na web do centro pódese consultar os correos electrónicos de todo o persoal do centro.

Documento actualizado a 11/05/23.